



## Grupo Provincial Socialista

Rúa Progreso, 32 – 2º andar  
32003 Ourense  
Tlf. 988 385 203 Tlf/Fax. 988 385 178  
CIF: G32244345

**RAFAEL RODRÍGUEZ VILLARINO**, deputado e voceiro do Grupo Provincial Socialista da Deputación de Ourense, en base ó previsto no artigo 14 do Real Decreto 2568/1986 de 28 de novembro, sobre Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, presenta a seguinte

### SOLICITUDE

En 2019, a Deputación de Ourense anunciou que o Museo da Roda de Afiar abriría as súas portas na cidade en 2020, nas antigas instalacións do Inorde, trasladadas ao edificio de Correos. Previamente o presidente da institución, Manuel Baltar, xa anunciara a súa apertura no ano 2017 e, antes, no 2015 xa proclamaba que se estaba a “deseñar” este museo. Rematado o primeiro trimestre de 2021, o edificio onde se atopaba o Inorde segue pechado, coas fiestras cubertas, as portas clausuradas e sen rastro de obras no seu interior.

Polo tanto, tendo en conta que xa se incumpriron os prazos anunciados e a situación de abandono e desuso deste edificio, solicítase a seguinte **información**:

- 1º. Previsión de apertura do Museo da Roda de Afiar nas instalacións do Inorde.
- 2º. Copia do proxecto do Museo da Roda de Afiar nas instalacións do Inorde.
- 3º. Relación detallada dos custes de implantación do Museo da Roda de Afiar nas instalacións do Inorde.

En Ourense, a 12 de abril de 2021.

Asinado: Rafael Rodríguez Villarino.

Firmado digitalmente por 34960892H RAFAEL RODRIGUEZ (R: G32244345)  
Nombre de reconocimiento (DN): 2.5.4.13=Contrato privado: Fecha contrato: 04-07-2019/Fecha autorización: 04-07-2019, cn=34960892H RAFAEL RODRIGUEZ (R: G32244345), givenName=RAFAEL, sn=RODRIGUEZ VILLARINO, serialNumber=IDCES-34960892H, title=PORTAVOZ PSOE, 2.5.4.97=VATES-G32244345, ou=CORPORACION, o=GRUPO PROVINCIAL SOCIALISTA, c=ES  
Fecha: 2021.04.12 10:02:18 +02'00'

**SR. PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE**